



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación definitiva de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

EDICTO.

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 15 de xuño de 2022, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

0.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

0.2 TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,073865 €/abo. Mes
Depuración	2,317234 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de PVC., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	396,09 €/ud
Zanxa en asfalto	442,14 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	496,73 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 5 de agosto de 2022

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2022/4876